

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE DECEMBRO DE 1996.-**

Na Sede Provisional da Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia sita en Salgado Moscoso 9, o día trinta de Decembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 23 de Decembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 9/96, por importe de 5.742.548 pesetas, con cargo a compromisos firmes doutras Administracións que se adicará a financiar gastos que pola súa natureza son competencia desta Administración Municipal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEM ó amparo do Convenio de colaboración social regulado polo Real Decreto 1445/82, un traballador para a limpeza de vías públicas ata o 31 de Xaneiro de 1997.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación final da obra do Plano de axudas ós Concellos para infravivenda rural de 1995, denominada "Reconstrucción de Infravivenda de Dona Clotilde Sendin Moldes, do lugar de San Cristovo", expedida polo Director da mesma, o Sr. Asesor Urbanístico do Concello, Don Javier Suances Matías, sendo contratista da mesma Don Roberto Lourido Rodríguez, por importe total de 2.352.303 pesetas. Así mesmo, esta Comisión acorda que se remita a correspondente certificación ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a segunda entrega a conta de 317.232 pesetas á Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro 1ª Fase, con cargo á aportación municipal para a anualidade 1996.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder a Don Ramón Docampo Rodríguez unha gratificación de 12.000 pesetas, polos servizos de vixilancia e control nas feiras durante o ano 1996.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.